

Referencia:	2024/10213R
Procedemento:	P2 - Preparación, xestión e adxudicación do contrato
SECCIÓN DE CONTRATACIÓN (2526)	



AUTORIZACIÓN DO GASTO

CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS

Aprobación do expediente de contratación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS	PROCEDEMENTO FISCALIZADO
Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)	<p style="text-align: center;">CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS_ APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN</p>
Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RD 424/2017)	
Acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, do 28.05.2021, polo que se aproba o réxime de fiscalización e intervención limitada previa e os requisitos a comprobar en función da natureza do expediente	
Acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios (ACM2018)	
Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)	

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas					
Bases de execución do Orzamento Xeral da entidade					
INFORMO			EXPEDIENTE		
Que, atendendo ao disposto na normativa enumerada e á vista da documentación incluída no expediente, se fiscalizan os seguintes requisitos básicos de acordo coa natureza do expediente, entendendo que o exercicio da fiscalización previa é limitado e que se revisaron exclusivamente os extremos abaixo sinalados:			2024/10213R		
CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS			ACTUACIÓN FISCALIZADA		
<ul style="list-style-type: none"> - Proposta de fiscalización: 2024/2855 - Aplicacións orzamentarias: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 16111/22100 – 16201/22100 – 16202/22100 – 16911/22100 – 32612/22100 – 33411/22100 – 33412/22100 – 33413/22100 – 33418/22100 – 33419/22100 – 33611/22100 – 33711/22100 – 34211/22100 – 41912/22100 – 41916/22100 – 45012/22100 – 45312/22100 – 92011/22100 – 920/22100 (CAV) – 42211/22100 (INORDE) - Importe autorizado: <ul style="list-style-type: none"> ▪ PBL: 2.135.000,00 € (1/4 imputable ao exercicio 2024) 			Cumpre	Non cumpre	Non incluído
A. REQUISITOS DE COMPROBACIÓN XERAL					
A.1.	Art 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172 e 176 TRLRFL Art. 116.3 LCSP	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.	√*		
A.2.	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos.			√
A.3.	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 TRLFL	Ao tratarse de gastos de carácter plurianual, que se cumpre co preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.			√

A.4.	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL DA 3ª LCSP	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice.			✓
A.5.	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL DA 3ª LCSP	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice e á firmeza do financiamento.			✓
A.6.	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL DA 2ª LCSP	Que o gasto se xera por órgano competente.	✓		
A.7.	Art. 7.4 LBRL	A competencia é propia ou está efectivamente delegada.	✓		
A.8.	Art. 172 e 175 ROF	Que figura no expediente informe proposta favorable do departamento xestor en relación co acordo ou coa resolución que se propón adoptar.	✓		
B. EXTREMOS ADICIONAIS					
B.1.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	Que existe o prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, o documento descritivo, informado polo Servizo Xurídico.	✓		
B.2.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	Que existe o prego de prescricións técnicas da subministración ou, no seu caso, o documento descritivo.	✓		
B.3.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	Cando se utilice un modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado polo Servizo Xurídico.			✓
B.4.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 146.1 LCSP	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da LCSP; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación	✓		

		baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan conforme criterios económicos e cualitativos.			
B.5.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	No caso en que o procedemento de adjudicación proposto sexa o do diálogo competitivo, verificase que na selección da mellor oferta se toma en consideración máis dun criterio de adjudicación en base á mellor relación calidade-prezo.			✓
B.6.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	Cando se prevexa a utilización de varios criterios de adjudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.	✓		
B.7.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevé, cando proceda, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor deba presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.			✓
B.8.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 202.2 LCSP	Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos unha das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da LCSP e a obriga do adjudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.	✓		
B.9.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 159 LCSP	Cando se propoña como procedemento de adjudicación o procedemento aberto simplificado, comprobarase que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da LCSP. No caso de que o procedemento se tramite segundo o previsto no artigo 159.6 da dita lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no dito apartado e que entre os criterios de adjudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.			✓
B.10.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Arts. 167 e 168 LCSP	Cando se propoña como procedemento de adjudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da LCSP para utilizar o dito procedemento.			✓

B.11.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 29 LCSP	Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo se axusta ao previsto na LCSP.	✓		
B.12.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Arts. 167 e 172 LCSP	Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP; e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo se fixa a contía destas e que consta a retención de crédito correspondente.			✓
B.13.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 204 LCSP	Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da LCSP, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.	✓		
B.14.	Art. 13.2.c) RD 424/2017 Art.3.1.1.A ACM2018 Art. 143 LCSP	Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación aos que esta se refire esta se basean en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.			✓
B.15.	B.E. 109	Que se xustificou a necesidade do contrato.	✓		

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

Cabe sinalar, que o resultado da fiscalización do presente expediente non entra a valorar o contido e os aspectos técnicos e, no seu caso, xurídicos, expostos nos informes integrantes do expediente, por estar fóra do alcance do contido da fiscalización limitada previa establecida polo Pleno. Todo isto, sen prexuízo, da fiscalización plena posterior a realizar pola Intervención. Polo tanto, o exercicio da fiscalización previa é limitado e o seu resultado circunscríbese exclusivamente á verificación dos extremos sinalados expresamente.

CONCLUSIÓN: FISCALÍZASE DE CONFORMIDADE o expediente de referencia nesta fase do procedemento nos termos e condicións descritos anteriormente.

<p>CONCLUSIÓN: FISCALIZADO DE CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS. En concordancia co sinalado no artigo 219 do TRLRFL, o Órgano Interventor poderá formular as observacións complementarias que considere convenientes, sen que estas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes.</p>	<p style="text-align: center;">√*</p> <p>Debido á distribución da execución do gasto, a autorización e a disposición deste para o exercicio 2025 quedan subordinadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes.</p>
<p>CONCLUSIÓN: FISCALIZADO CON OBXECCIÓNS. Considerando que o incumprimento se inclúe nos supostos establecidos nos artigos 216 do TRLRFL e 12.3 do Real Decreto 424/2017, procede a suspensión da tramitación do expediente ata que se emenden as incidencias indicadas ou se resolva a discrepancia, de conformidade co procedemento previsto nos artigos 217 e 218 do TRLRFL e no capítulo III do RCI. Todo o anterior, enténdese sen prexuízo, no caso de resolverse o levantamento do reparo e do pagamento oportuno, da obediencia debida ao presidente da entidade, de conformidade co disposto no art. 39.1 da Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, reguladora do Tribunal de Contas, que exime de responsabilidade a quen es actúen en virtude de obediencia debida, «sempre que advirtiran por escrito a imprudencia ou ilegalidade da correspondente orde, coas razóns en que se funden».</p>	

Ourense, na data da sinatura electrónica